

## **A Cámara e a Escola de Negocios Caixanova abordan a Lei Concursal como alternativa ante a crise**

**Ferrol. 22/04/2009.** A Cámara de Comercio de Ferrol e a Escola de Negocios Caixanova organizan o seminario *A Lei Concursal: unha alternativa para empresas en crise* que se desenvolverá os días 24 e 25 deste mes no centro de formación da Cámara.

Ambas as entidades abordan así, no marco do programa de actualización directiva que están a impartir, un tema de máxima actualidade, tendo en conta que a reforma desta norma entrou en vigor o pasado 1 de abril logo de tramitarse con carácter urxente para adecuar o proceso concursal á actual situación de crise e favorecer a reestruturación de empresas.

Os participantes coñecerán cales son os orzamentos do concurso, as distintas clases de situacións concursais e os efectos que ten a declaración concursal.

Tamén se estudarán as responsabilidades do órgano de administración e representación, así como os deberes dos administradores e a posibilidade de cesamento ou separación do cargo.

A reforma da Lei Concursal introduce medidas encamiñadas a abaratar custos e simplificar trámites e permite iniciar un proceso de renegociación da débeda cos acredores coa supervisión do xuíz, ademais de regular os acordos de refinanciamento adoptados antes do concurso.

O seminario está dirixido a empresarios, xerentes e directivos, así como profesionais das pemes que traballen nas áreas económico-financeira e xurídica.

Será impartido por José Ángel Dopico Gil, Licenciado en Dereito pola USC e en Dereito Europeo pola Universidade Libre de Bruxelas, socio director de Dopico, Tizón e Quirós Abogados e profesor da área xurídica da Escola de Negocios Caixa Nova.

Os interesados poden dirixirse ao departamento de formación da Cámara (981 333165. Ext. 2). Tamén poden obter máis información na web [www.camaraferrol.org](http://www.camaraferrol.org) ou en [www.enegocioscaixanova.edu](http://www.enegocioscaixanova.edu).



